XOÁN MANUEL PINTOS VILLAR

RETALLOS
DE
POESÍA E PROSA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA

1975

ACADEMIA
LEGA
ORUÑA
4 3

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
30653
Biblioteca

CUBERTA:

Xoán Manuel Pintos Villar. (Debuxo de Alberto Castro Couso.)

R.1553

XOÁN MANUEL PINTOS VILLAR

RETALLOS
DE
POESÍA E PROSA

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGT INNOVAT
Biblioteca

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRUÑA
1975

Depósito Legal: C-201-1975

Imp. MORET - M. de Amboage, 16 - La Coruña. 1975



XOAN MANUEL PINTOS VILLAR

(* 1811 - † 1876)

(Retrato realizado por Luis Quintas Goyanes, propriedade da Real Academia Gallega)

XOÁN MANOEL PINTOS VILLAR

POESÍA E PROSA

PRESENTACIÓN

PRESENTACION

Seguindo o costume inaugurado co centenario da aparición dos Cantares Gallegos *de Rosalía* (1863-1963), *de adicar o Día das Letras Galegas a un escritor esgrevio da nosa fala, a Real Academia acordóu de tributarlle hogano esta honra ao pontevedrés don Xoán Manoel Pintos Villar* (1811-1876).

Pola condición, que foi devanceira no Tempo, dos seus méritos, pola enxebreza do sentimento patriótico e a xurdia ambición galega dos fins que os motivaron, e polo xeneroso fervor de ánimo posto nos seus intentos, poucos literatos do XIX podían entrar en conta con don Xoán Manoel na xusticia do tal homenaxe.

Abonda, pra remachalo, con tres opinións. A Gaita Gallega *é, según afirmóu Ramón Cabanillas e xamáis cansará repetir o dito lapidario, «a pedra de alicerce da nosa Renacencia». O seu autor, engade meditadamente Carballo Calero, «é realmente o gran precursor». E na sua obra revelóuse, remata enérxicamente Xosé María Alvarez Blázquez a quen tanto debe a reivindicación poética de Pintos, o «xenio artístico de quen foi home pra romper de súpeto co tristeiro precedente dos versiños galegos cacarañados e manidos».*

A devandita decisión da Academia foi seguida dunha orde que non era eu quén de refusar. A de facer a escolla e presentación dun monllo de textos que ofreza ao lector de hoxe unha imaxe, inda que provisoria, da simpática figura, a unha man sinxela e baril, sabente e popular, esbordante ás veces de picareira retranca e tantas outras de carraxe de boa lei, do Gaiteiro do Burgo ou do Lérez, como gostóu él de se chamar.

Doada é a razón pola que me non podía eu negar ao mandado da Academia. Dendes que me fixo o honor de incorporarme ao seu nú-

mero, formara eu o propósito de consagrar o discurso reglamentario de ingreso a don Xoán Manoel Pintos. Paisanaxe, apego cáseque familiar —meu abó e meu pai recolleron ou loubaron escritos de Pintos—, vencellos de garimosa amistade con descendentes seus —Luis, Adriano, María Luisa Pintos Fonseca..., Tabucho Pintos—, coñecemento xa lonxano de A Gaita *e fonda estimanza da sua fala e de soberbos pasaxes poéticos que contén, todo élo aguilloaba o meu interés por afuxentar calquera día as néboas que arrodean ao literato máis problemático e máis iñorado do primeiro Rexurdimento galego.*

Mais, co este fito e como labor previo, coidéi ser a angueira de maor apremio a de achegar toda a producción de don Xoán Manoel, esparexida en exemplares de A Gaita *que se contan cos dedos das mans, en revistas e periódicos raros, en plegos e follas soltas..., e a de arrombala e axeitala gráfica e críticamente en corpo de edición, dispóndoa pra o imprentamento a seguidas da miña entrada na Academia. Outras ocupacións e preocupacións foron delongando aquesta última obriga, mais sinto a compensación, no intre de ir enfiando estas liñas, de ter ditosamente logrado o apaño e arranxo da obra de don Xoán Manoel pra levala axiña ao prelo.*

Eis polo que non me era facedeiro decrinar a invitación da Academia de escolmare naquela obra, co gallo da celebración do poeta, a pequena antoloxía que vos presento arestora.

Tampouco pode estrañar que non me alongue neste sitio en comentos ou valoracións literarias, precisións bibliográficas ou anotacións críticas que, non tardando, atoparán millor encaixe e acomodo na edición susomentada da obra compreta de don Xoán Manoel.

O que lle compre ao lector, no presente folleto, é dispor de seu dunha mostra escolleita da poesía ou da prosa de Pintos. Dóuna na antoloxía entresacando, ás veces, trozos de poemas enteiros —ende que os denomine Retallos—, *e repártoa en catro grupos temáticos: ensalzamento e defensa da Fala, amor afervoado a Galicia, sensibilidade humán e social pra os dereitos, as doores e as queixas do Home —a máis fonda raíz do senso moral—, e a querencia saudosa das grorias pasadas ou das rexoubantes conversas de acotío do corruncho natal. Poderíase ter escollido calquera outra disposición, pro, a que adoptéi, responde a verdadeiras gravitacións ideolóxicas da mente de Pintos. Era obrigado espellalas.*

Precede a esta mostra, baixo do rubro de Fitos cronolóxicos, *o de-*

liñamento e fixación no tempo dos feitos máis dinos de nota da maina e sinxela biografía do poeta. Moitos destes datos son, xeralmente, sabidos, mais reinaba, encol das datas, incertidume ou imprecisa vaguedade que, polo papel precursor de Pintos, compría disipar.

Repárese, nefeuto, que tódalas composicións que se aproveitan e retallan pra esta antoloxia son anteriores á pubricación do primeiro poema solto de Rosalía de Castro, a primitiva versión de Adiós ríos, adiós fontes, *no* Museo Universal, *en* 1861. *E, cantimáis, aos* Cantares Gallegos (1863). *Tampouco lle debe Pintos grande cousa, por non decir nin migalla, aos contados escritores de principios do XIX que, dimpóis do estiñamento multisecular da literatura escrita, ousaron contrariar moi pouquiño a pouco o divorcio da escritura coa fala, repolindo ésta como vehículo de poesía pura e, por mor de perpetuala en letras de molde, acolléndose a aquéla. Antes de se resolver Pintos en* 1852 *a esconxurar e romper, cos sons da sua* Gaita, *o negro feitizo de aquel afastamento e incomunicación, os poemas galegos que entran na conta devandita (precisémolo: desbotando escritos en prosa ou versiños de mera ocasión —vilancicos, letrillas, etc.—), non chegan a dez, todos de dimensións reducidas. Nada desto pode pretender comparanza co nobre e poderoso empeño didáctico-poético de Pintos que, concedendo malogros e altibaixos, acreta azos e folgos no autor de que non se vira exemplar no seu século.*

Non é mester engadir eiquí o que é certo aínda pra Rosalía: o descoñecemento que tiña Pintos, cando menos «de visu», dos Cancioeiros *e da literatura medieval.*

Outros foron, polo tanto, os mestres que escoitóu don Xoán Manoel e que lle inspiraron as tocatas de A Gaita. *O primeiro, o pobo de Galicia, e non soio o aldeán. Tamén o foi o vilego que, a mediados do XIX, mantíñase maoritariamente fiel á fala do país na vida usual e de acotío, fora de estreitas camadas, inda que económica e socialmente prosperantes, de forasteiros asentados —Pintos se doe de cómo atopan no país a «madre gallega» namentras que é Galicia moitas veces ingrata e alleeira pra os seus—, ou da burguesía mesocrática e da burocracia enseñoritada. O ricaz tesouro da língoa que conservaba o pobo e, co éla, o legado indiviso de tradicións, de sentimentos, de costumes, de lembranzas, de coitas e de arelas é o que, na raigaña do proceso histórico, potencia e esprica o Rexurdimento literario. Os poetas non crearon a sustancia das cousas que cantan. Cántannas desque caen na conta que de aquéla se criaron éles.*

Mais nunca abonda, emporeso, pra alear ou rexurdir culturalmente, a preesistencia dunha podente realidade, asumible espritoalmente pola conciencia cívica ou poética. Si así fora, endexamáis se decaíra do estado de conciencia vixiante acorde con todo o que a cingue. Precísase moitas veces da mediación dun prodixioso acordador ou suscitador que, no caso de don Xoán Manoel Pintos foi, a oitenta anos do seu pasamento (1772), *a figura e doutrina do máis ilustre dos pontevedreses: o P. M. Fr. Martín Sarmiento. O influxo, nobremente confesado e pregoado por Pintos, do P. Sarmiento na sua obra, principalmente a traveso das* 1200 Copras, *que leéu e editóu don Xoán Manoel asegún o apógrafo pontevedrés que garda o Museo, arrequentóu e déu maravillosos pulos ao seu esprito. O maxisterio do grande polígrafo galego decrárase, ou trasparece de millenta modos en múltiples ideas e asuntos, en formas métricas, en modelos ou situacións poemáticas, en convencions ortográficas, en teimas didácticas, etc., e fai de don Xoán Manoel Pintos o legatario máis agradecido e fecundo da abastada herdanza de Sarmiento.*

Dende 1746, *ou* 1752, *en que, por mor de adeprender e millor aprefundar na língoa nativa, ía o bon do P. Mestre enchendo plegos e ensarillando copras ao xeito de «Perico e Marica», na soedade da celda de San Martiño de Madrid, ate o ano* 1852 *en que revestía Pintos no Burgo de Pontevedra o traxe das festas, disposto a ceibar enxebres foliadas e a lle meter na cachola ao rebuldón do tamborileiro a* Carta de Cristus *pra ler, escribir e falar o idioma galego, nunca deixóu de correr, no río da Historia, pra que Galicia acordase, a onda caudal, inda que silandeira e soterraña, do saber e do labor de Sarmiento. Que non parasen éstes en «traballos de amor perdidos» e que aquela golpada de auga acrecese, de súpeto, o borbollar primeiro de tanto manantío e fontiña da Renacencia, debémolo ao férvido talante, tan verdadeiro como homildoso, do pontevedrés don Xoán Manoel Pintos Villar. Nono teño polo menor dos seus méritos.*

Abastan, e aínda sobran, estas lixeiras ouservacións pra se adentrare cada quén na antoloxía e poder valorar ao poeta polo que dí e cómo o dí e o tempo en que o dixo. Quen ache de menos unha indicación do que acontecía de aquéla noutras terras románicas, na luzada de outro rexurdir cultural, considere que foron, xustiñamentes, os anos de A Gaita Gallega, *do* 1852 *ao* 1854, *os que viron os feitos decisivos do renacemento literario da língoa occitánica e, co él, a alegre xolda dos troveiros da Provenza. En* 1852, *pubricóuse a antoloxía* Li Prouvençalo,

de Roumanille; en 1853, *foi o axuntamento dos trovadores en Aix co* Roumavegi deis troubaires; *e, no* 21 *de Maio de* 1854, *tívose a xuntanza do castelo de Font-Segugno, do que saíu o sagro orde dos Sete Felibres. Máis que paralelos, son éstes, lógrese ou non se logre a colleita, sinos de anos que abendizoan as estrelas.*

Dunha ringleira de agradecementos aprazada pra cando salla a luz a obra compreta de Pintos, adianto eiquí o que lle debo á miña boisima amiga dona María Luisa Pintos Fonseca, bisneta e da liña primoxénita do poeta, pola xentileza de aportar, a prol da millora deste folleto, ilustracións gráficas únicas, como a que zanxa a data, tan controvertida arestora, do entusiasta Rechamo.

O sistema gráfico empregado na ANTOLOXIA *correspóndese co seguido na miña edición da obra compreta de Pintos, e muda o do texto orixinal, modernizándoo, asegún normas que alí se esprican e consinten sempre a comparanza co éste.*

ISIDORO MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO

Don Xoán Manoel Pintos, na compaña da sua muller, dona Serafina Amado Boullosa —tia aboa do poeta Luis Amado Carballo—, e dun fillo de ambos en Vigo, arredor de 1872. Fotógrafo R(amón) Buch. (*Documentos familiares de doña Maria Luisa Pintos Fonseca*).

FITOS CRONOLÓXICOS

FITOS CRONOLÓXICOS

1807 Cásanse don Basilio de Pintos García e dona Ramona Villar Rodríguez, pais do poeta, nados en Pontevedra e veciños de Santa María. Agás de Xoán Manoel, tiveron por fillos a Francisca Xoana (n. 1808), Xosé Manoel (n. 1810), Fernando Manoel (n. 1814) e María Tareixa de Xesús (n. 1816).

1811 Nace o 16 do Nadal e bautízase no mesmo día, na pía de Santa Maria a Grande de Pontevedra, Xoán Manoel Valentín Pintos Villar.

1817 Don Basilio de Pintos, nomeado Vista Segundo de Aduana do Ferrol, váise alá con tódolos seus, pro enférmalle a muller, que finóu no Ferrol o 8 de Abril e, de alí a pouco, mórrelle tamén o pequeno Xosé Manoel.

Devolve a Pontevedra os nenos restantes onde ficarán catro anos.

1821 Don Basilio lévase consigo ao Ferrol tódolos fillos.

1822-1825 Primeira estancia na Cruña da familia Pintos, cunha tempada intermedia no Ferrol.

1825 Traslado de don Basilio a Santiago de Compostela.

1826-1829 Cursa Xoán Manoel Pintos os tres anos de Filosofía na Universidade de Santiago e adeprende música e violín con don Xoán de Curti.

1828 Nicomedes Pastor Díaz, coevo, mais non riguroso condiscípulo de Pintos, compón a *Alborada*, datada en Santiago, o día 11 de Maio.

1829-1830 Enceta Xoán Manoel Pintos a carreira de Dereito.

1830 Don Basilio, destinado outravolta á Cruña, márchase de Santiago en Febreiro.

1831 Pechamento das Universidades do Reino por Calomarde, en Xaneiro.

1832 Encerrado, de Xaneiro a Xullo, nunha celda de Santo Domingo da Cruña, estuda Pintos a 1.ª Parte da *Summa* do Aquinatense.

1832-1833 Continúa Pintos en Santiago a carreira de Dereito. Gradúase de Bachiller en Leis o 21 do San Xoán de 1833.

1833-1835 Amplía un ano de Leis e fai outro de Cánones. Gradúase de Bachiller en Cánones, tamén en Santiago, o 1 de Xullo de 1835.

1836 O Craustro Xeral de 17 de Marzo noméao Sustituto interino da Cátedra de Institucións Canónicas.

1837 Recíbese de Abogado na Cruña o 12 de Agosto deste ano. Debéu de exercer alí ate principios de 1840.

1840 Dáse de alta no Colexio de Abogados de Pontevedra o 11 de Marzo.

Após do pronunciamento progresista de Setembro, a Xunta de Goberno de Pontevedra fáino Xuez interino de 1.ª Instancia de Cambados, praza que lle confirmará en propiedade a Rexencia.

Fúndase en Santiago a Academia Literaria.

1841 Cásase en Pontevedra con dona Serafina Amado Boullosa, filla de don Roque Amado Pérez, natural de Santa Uxía de Ribeira, e de dona Caetana Boullosa Bravo, que o era de Marín.

O matrimonio logróu esta prole: en Cambados, Anxela Fausta (n. 1841), Basilio Aniceto (n. 1842), Tareixa Avelina (n. 1844) e Tareixa Pelegrina (n. 1845); en Pontevedra, Fernando Manoel (n. 1846), Luis Manoel (n. 1848), Carlos (n. 1849), María Carlota (n. 1850), Aniceto Santiago (n. 1853), Xoán Manoel (n. 1854), Ramón Antonio (n. 1856), Leodegario Xosé Benito (n. 1857), Román Nazario (n. 1858) e Benxamín (n. 1860).

1840-1845 Etapa cambadesa de Pintos —dende os meses derradeiros de 1840 a mediados de 1845. Como Xuez, cesóu en Xullo de 1844.

1842 Empeza no mes de Maio o derrubamento da eirexa parroquial de San Bartoloméu o Vello de Pontevedra.

1845 Pubrica Alberte Camino *Nai chorosa* e *O desconsolo*, en Santiago; Xosé Benito Amado, cuñado de Pintos, en Pontevedra, a obriña bulrenta de sátira social *Misterios de Pontevedra*, en castelán.

1845-1855 Volto don Xoán Manoel a Pontevedra exerce de Abogado.

1846 Nicomedes Pastor Díaz inaugura, con verbas de ensalzamento de Galicia, o Liceo Artístico Literario da Cruña, en Febreiro.

Pronunciamento de Solís, en Abril. Preside a Xunta Revolucionaria de Pontevedra don Xosé María Santos.

1848 Na Xunta Directiva do Liceo Casino de Pontevedra coincide Pintos, Contador, con don Xoán Cuveiro Piñol, Segredario.

1849 Xa moraba, polo San Xoán deste ano, no Barrio do Burgo, na pequena praza onde se erguía un cruceiro, aberta ao camiño vello da Santiña.

1852 Viaxe a Galicia dos duques de Montpensier.

Baixo da persoa do «Gaiteiro do Burgo» anuncia Pintos a suscripción da primeira setena de foliadas de *A Gaita Gallega.*

1853 Van imprentándose no taller dos Vilas —rua dos Mendiños 18, que pasa entón a ser o número 4 de Isabel II— e aparecendo, por entregas, as sucesivas foliadas de *A Gaita Gallega.* Dátase a derradeira délas, no Burgo de Pontevedra, a 24 do mes de Nadal.

Fora nomeado Sustituto de Latinidade e Humanidades do Instituto Provincial do 2.º Ensino de Pontevedra, no mes de Santos.

Ano da fame. Pintos ampara ás probes das xentes, escorrentadas das aldeas polo mal, e fai recadádivas de vocabulario.

1854 Ano do cólera. Péchase, por mor da praga, o Instituto de Pontevedra e Pintos abre cátedra, por libre, de Latinidade.

Pronunciamento progresista de Vicálvaro o 28 do San Xoán.

Dimpóis do 24 de Setembro, incoa Pintos a pubricación, malograda, da segunda setena de *A Gaita Gallega.*

1855-1856 Noméanno e desempeña o cárrego de Promotor Fiscal do Xuzgado de 1.ª Instancia de Pontevedra.

1856-1862 Cesa como Promotor Fiscal e exerce outra vez de Abogado en Pontevedra.

1857-1859 Comeza a colaborar en distintas pubricacións periódicas de Pontevedra, Vigo e A Cruña.

1857 O 1 do San Xoán lanza o anuncio de suscripción á segunda setena de *A Gaita Gallega.*

1858 Vinda a Galicia da Raíña e do Rei cos fillos.

1859 Pubrica o *Rechamo.* Edita en Pontevedra as *Copras* do P. Sarmiento. Cartéase con Murguía en Setembro.

1860-1861 Elíxenno por estes dous anos Decano do Colexio de Abogados de Pontevedra.

1860 Primeiros Xogos Frorás da Cruña: os do «Album de La Caridad».

1861 Primeiros Xogos Frorás de Pontevedra, que mantén Antolín Esperón.

1862-1876 Pasa e reside en Vigo como Rexistrador da Propiedade, cárrego de que tomóu posesión o 3 de Maio de 1862.

1863 Pubrícanse en Vigo, estando alí don Xoán Manoel, os *Cantares Gallegos* de Rosalía (17 de Maio). Don Xoán Manoel Pintos bota unha man na preparación do *Glosario.*

1865 Dátase neste ano o vocabulario galego inédito que garda a Real Academia Galega.

1868 Setembro: «a Gloriosa». Preside a Xunta Revolucionaria de Pontevedra don Xosé Benito Amado, cuñado do poeta.

1872-1875 Reimprenta composicións poéticas e pubrica outros traballos en periódicos, principalmente, de Vigo.

1874 Empeza a pubricar en Vigo unha longa parte limiar da segunda setena de *A Gaita Gallega.*

Mórrelle na Habana, aos vintecinco anos, o fillo Luis Manoel, do que se conservóu un poema galego: *O gato e a criada.*

1876 Estando a compor un poemiña en pranto de Vesteiro Torres, pra a *Corona poética,* sofre un ataque apoplético e cai en coma ás 6,30 do serán do 29 de Xuño. Morre o día 30, na casa que levaba, de aquéla, o número 23 da calle Real de Vigo.

XOÁN MANOEL PINTOS VILLAR

POESÍA E PROSA

ANTOLOXÍA

JOÃO MANOEL PINTOS VILLAR

POESIA E PROSA

ANTOLOXIA

DA FALA

PREGÓN DE «A GAITA GALLEGA»

(Anuncio de suscripción á Primeira Setena)

(1852)

PREGÓN DE «A GAITA GALLEGA»

(Anuncio de Suscripción á Primeira Setena)

(1852)

Xa fai tempo que estóu eu, o Gaiteiro, falando solo e decindo para mín: ¿qué terá, Señor, esta fala gallega para ser tan refugada aínda polos mesmos fillos de Galicia? ¿Será tan buxán de termos que non se poida por éla desfogar o entendimento con craridade? ¿Estará amaldizoada? ¿Terá algún feitizo? ¿Botaríanlle algunha pauliña para que se desbandase e esmigallase de maneira que non se pudese axuntar xamáis e, en pena dos nosos pecados, somente quedasen anacos e cachos déla espallados sin trabazón para eterna memoria de semellante praga? ¿Será tan agre e brava que se encarrapichen as orellas e fechen os oídos coa repunanza de tan duro son? Non e non, dí o Gaiteiro.

Matinando, pois, de cote con esta idea fíxenlle un vestido novo á miña GAITA e colguéille no ronco unha borla das festas para comenzar as miñas foliadas e tocar unhas tocatas do trinque, facendo que os chíos de esta música nova se ouzan cando o menos en toda Galicia. Quen por ruín se tén por ruín se quede. O Gaiteiro ben sabe que non hai peor cuña que a do mesmo pau; pero, inda así e todo, xa non hai atrancos nin barrancos que o deteñan no camiño. Así, pois, ende lle acabando de pór as prumas á sua monteira, ahí o terés máis prantado e máis garrido que Guerineldos, enchendo as froias, apretando o fol e convidando á festa a tódolos seus paisanos.

A GAITA, como é nova, ten certas técolas para o tempero e non faltarán, nas foliadas, pandeiros, ferreñas e cunchas; e, de cando en cando, soará a zanfona cos ferriños. Ea, bailadores, ídevos pondo currutacos para vir á festa, que poida que non vos arrepintás; pois, ò

fin e ò cabo, eu non ando con pantominadas nin prometendo o que non hei de dar, como fan muitos farafullas que con catro gadellas mui encrouchadas ou con catro peliños de castrón se venden por grandes e afamados músicos, resultando que todo canto tocan é unha gaiteirada; e, desque fan o seu pancho, vánse ríndo e vós quedás renxendo. Eu xa vos desengaño en tempo. Nin piano, nin órgano, nin chouta, nin chifre, vos vou a tocar, nin vos ofrezo aberturas nin fechaduras, nin duos nin vintecatros, nin orquestas nin barulladas, nin outras tolerías.

A GAITA, meus amigos, a GAITA é para o Gaiteiro, e o tamboril para o tamborileiro. Nin máis nin menos que gaiteirada e máis gaiteirada vos vou a facer para que ningún alarbe usurpe a xurisdición do Gaiteiro. San Idioma Gallego sea conmigo, pois ò pé da sua capilla e debaixo do seu alpendre vou a facer eu esta romería.

DEFENSA DA NOSA FALA

(Fol. II vv. 605-760)

(1853)

DEFENSA DA NOSA FALA

(Fol. II vv. 605-760)

(1853)

...Aquí mismo, aquí en Galicia,
a doctorcillos de pelos
les oí que su idioma
es tosco lenguaje y feo,
impropio de gente fina,
reservado a los paletos;
que, por lo mismo, no hay libros
que expliquen ese dialecto,
ni quiere escribir en él
ninguno que tenga seso.
Por lo cual, ya no me admira
que algunos, viendo ese genio
en los gallegos, los tengan
por cuitadiños y necios,
lo cual no consentiría
ningún otro en su pellejo.
Y conviene que se tenga
presente, señor Gaitero,
que a aquél que bien no se estima
todos le tienen en menos.

—Cuitadiño serás tí
o máis quen che dixo eso,
que sería algún lanudo,
baldrocas ou arrieiro,
pois ningún home de modo,

de estudio nin de talento,
será tan galdramulán
que así fale de ese xeito.

Tódalas lenguas do mundo
teñen o seu aderezo,
teñen seus celmes e sales,
teñen seu mel e seu nervo.
Mais a ninguén será fácil
ir comparanzas facendo
sin estudialas a fondo
e descubrirlles o xenio.
Mira, rapaz, o linguaxe
non se compón de procesos,
nin de folliñas escritas,
nin de libriños impresos,
que se compón de palabras
que van da boca correndo
para decir òs demáis
todo o noso pensamento.
E cando miles de homes,
nados no mesmo terreo,
daquela moda se entenden
dendes de anos muitos centos
é porque teñen linguaxe
con puntos e comas feito.

E non hai millor pintura
para pintar os conceptos
que pintalos, cada ún,
co natural estrumento
que é a sua lengua nativa,
mamada desde pequeno,
por onde catóu dos pais,
de seus abós e traseiros,
as máis pequenas frangullas
do máis fino entendimento.
E non ten disculpa algunha
o desleixado podenco
que refuga o seu idioma
por falar en estranxeiro,

pois, como din alá en Francia,
con muita razón entendo:
«*Personne n'est dispensé*
da sa langue bien parler».
O mesmo dí Cicerón,
o mesmo dí o Gaiteiro,
o mesmo dí Quintiliano,
e abonda o diga Sarmento.

Ora sí, todos matinan
de mellorar seu dialecto,
de decrualo, si é duro,
e máis doce ílo facendo,
de lle barrer o cangallo
e depuralo con tento,
combinarlle voces novas
e máis rico ílo poñendo,
e tan nídio e tan garrido
que regale o entendelo.
Non quita que outros idiomas
queiran os homes sabelos,
antes alaudos merecen
os que se apliquen a eso,
pero sin que o seu nativo
xamáis deixen esquencelo.
Pois non hai máis mala fada
que fadar a ún con desexo
de que no entenda a seus pais,
òs seus parentes e deudos,
e donde foi bateado
sea tido por estranxeiro.

Si non se imprime en Galicia
un triste libro en gallego
e catro farafulliñas
se gaban de non sabelo,
poida que non tarde muito
en andar o idioma impreso
e que se lle suba às barbas
a outros que andan mui tesos.
E aposto cento por ún,

e máis poño o que non teño,
que si catro galleguiños
das catro esquinas do Reino,
se sacoden, co él abrochan
con patriótico empeño
polas aldeas e vilas
e cuidan de recollelo,
de compolo e arrombalo,
e facer un todo inteiro,
xuro a Dios, volvo a decire,
que ha de ser un gusto velo
chegar adonde chegaron
os outros, e en anos menos,
e máis inda rebasalos
e deixalos ben arredro.
E saiban os da perguiza
que, sin traballo e sin tempo,
ninguén fixo nunca nada
nin se fará sin comenzo.

E verdá que hoxe non usan
o noso idioma gallego
para leis, nin escrituras,
nas oficinas nin tempros,
nin poñen declaracións
nin estenden testamentos,
de maneira que a mil probes
lles meten gato por coello.
Mais isto ten outro rabo
que enrosca asoballamento,
e ten conta desfolalo
e desroscalo con tempo.
«¡Ah de Dios», dicen algúns,
«que Gramática non temos
nin Dicionario tampouco
de sinificados cheo!»
¡Má barredeira vos barra,
fato de parvos e lerdos!
¿Qué gramática estudiaron
Moisés nin tampouco Homero?
¿E non fono os escritores

millores do mundo inteiro?
Escriban tod'os que saben
o noso idioma gallego;
fáganse dimpóis apuntes,
o millor sempre escollendo;
redondéese o linguaxe,
como tod'os máis fixeron,
que Gramáticas dimpóis
e Dicionarios a centos
veredes polos mercados
e nas tendas dos libreiros.

¿Tí faste do que che digo,
faste ben, tamborileiro?...

CADA PAXARO O SEU CANTO...

(Rechamo vv. 553-664)

(1859)

CADA PAXARO O SEU CANTO...

(*Rechamo* vv. 553-664)

(1859)

...Agora pois que xa penso
que a todos vos teño aquí,
botemos unha muiñeira
cantando acordes así.

Cantan paxaros e aves
según o piteiro ten,
rasquexa o gorrión chauchando,
mailo xílgaro ¡que ben!

O merlo fai que asubía
e o cuco fai seu «cú, cú»,
o sirín redobra tenro,
a bubela fai «bú, bú».

A ouropéndola amarela,
tan bonita como é,
non quer deixalo seu canto
decindo «¿víchelo cré?».

¡Cómo alegra o naviñeiro
cediño, ò sair o sol!
Entre as follas de alta ponla
¡cál se estrema o verderol!

¡Qué doce rulea a rula!
Pombiñas, «¡sura, surá!»,
chías, arcea, estorniños,
os galos, «¡cacaracá!».

Pimpín, paparrulo, peto,
perdiz e pega —«chas chas»,
lavandeiras e lavercas,
pescador e paspallás.

Mouchos, curuxas e ralos,
que sempre andan a agoirar
e botan un triste chío
que fire ò que está a escoitar.

E máis outros que hai na terra
e máis tamén polo mar,
mazariquetas, gaibotas
que din ben «acuá, acuá».

Labancos, patos, movellas,
garzas, cabazas, araus,
tíldaras e mazaricos,
velcricos, velaiñaus.

O que teña un bó piteiro
remedar pode òs demáis
sin esquencer o seu canto
que deprendéu de seus pais.

Nin antepor canto alleo
polo canto natural
que Dios lle dou òs cantores
de todo o reino animal.

Cantan os paxaros todos
conforme o piteiro ten,
e non canta ningún déles
como o reiseñor tan ben.

Así tamén os homiños
paxaros sin alas son
con diferentes piteiros
afeitos no seu terrón.

Háinos altos e corpudos
e tamén canaveiróns,
háinos bochos, pequenotes,
de varias entonacións.

Háinos de pelo asedado,
como carneiros con lan,
háinos beixudos e belfos,
narchados, caras de can.

Háinos de grande cachola
co nariz como un nomón,
háinos tamén miudiños
que garabulliños son.

E din os sabios de ogaño
que <o> teñen do animal
a quen tiran na feitura
polo ángulo facial.

Háinos de color de cobre,
negriños como carbón,
háinos da côr de aceituna
e como o trigo mourón.

Háinos de color da terra
e de encarnada color,
háinos roxos e branquiños,
bonitos como unha fror.

Argallan a sua xerga
cada ún co propio falar
e a pibela déles todos
a Dios pode regalar.

Falan en Roma italiano,
os gabachos en francés,
en latín falan os cregos,
os loros falan inglés.

Catalán en Cataluña,
nas Provincias champurrá,
en Valencia en valenciano
e, na raia, o patuá.

Castellano por Castela,
pola Bética andaluz,
portugués en Lusitania,
por Galicia..., aquí, unha cruz.

¿Somente vós, galleguiños,
que tès moleira buxán,
tès a menos o chamarlle
viño ò viño, pan ò pan?

¡Poder de Dios!, que si eu fora
entre vós, un día, Rei,
para escarmento de todos
iba a poñer esta lei:

"Todo aquel que aquí prefira
lengua allea a de seus pais,
seràlle arrincada a sua
da boca, para xamáis".

Cantan os paxaros todos
según o piteiro tèn.
rasquexa o gorrión, chauchando,
mailo reiseñor ¡qué ben!...



Folla derradeira dunha copia autografa do *Rechamo*, suscrito e datado por don Xoán Manoel no Burgo de Pontevedra, en 1859. (*Documentos familiares de dona Maria Luisa Pintos Fonseca*).

D A T E R R A

A GALICIA

(Vv. 1-44, 165-208, 523-554, 586-615, 651-675)

(1861)

A GALICIA

(Vv. 1-44, 165-208, 523-554, 586-615 651-675)

(1861)

Misit dives Gallaecia pubem...

¡Fermoso labrador que sin cansazo
fas recachar o mundo, e mil primores
xermolla a feixes por un mar de frores
con sò quencelo tí dend'o teu pazo!
¡Tí que o calor difundes polo espazo,
brillante Febo, que de cote xiras
cheo de luz polo alto firmamento,
sin que as edades fagan decremento
no foco inmenso de que fogo tiras!
¡Notorio decumento,
frorón dourado polo azul dos ceos
que así confunde a impíos com'a ateos,
tí que benino a miña terra miras
carís lle pondo alegre de contento,
a Deus lle pide por un breve instante
que lle dé forza a meu cativo alento
porque louvores a Galicia cante!

De Finisterre ò monte Parafita,
de Santa Tecla ò cabo de Ortegale
hai o tallón de terra máis bonita
que España ten ò norte occidentale.

Báñana toda caudalosos ríos,
cadoiros e torrentes,
que ò cair de curutos e vertentes
borbollando escumosolos seus bríos
freixas de prata polo fondo corren
fasta chegar ò mar adonde morren.

Xorreiras de lintura
regálanlle as entrañas, e na tona
debroulla o paramento de verdura
co amor de Frora, Ceres e Pomona.
Rescenden polos ares os olores
das herbas e das frores,
se mecen a mareas as espigas,
e entre tal variedade de colores
mimosa randa a freba das estrigas.
Penduran ricas froitas das froiteiras,
abondan as madeiras
nos soutos e debesas e folgadas
con vigas mui liñeiras
de valentes toradas;
e resoa o balbordo dos pinales
com de cote berra o mar na costa
batendo as olas contra os areales.
.....

Pois con taes elementos, ou Galicia,
¿por qué se me apresenta a tua imaxe
cos cabelos voando desparxidos,
desarrombado o traxe,
cos ollos mornos, tristes e afrixidos?
¿Dos tempos que son idos
alémbrache a tua lanza tan temida
que ò lexos centellaba,
e ò máis valente peito amedrentaba
si a voz dabas de guerra
atroando nos fondos e na serra?
¿Alémbranche os aceiros tan gabados
das hostes africanas,
que os fillos teus pediron, e levados
a Annibal lle lograron o renome

de vencedor de Canas?
¿Alémbrache que Roma poderosa
leirar tuvo contigo centos d'anos,
e que Bruto chamábase o Galego,
soberbio e fachendoso, entre os Romanos?
¿Alémbrache de aqueles inimigos
feroces e tiranos,
que cal mareas viñan en lexións
topando nos teus fillos con leóns?

Os mesmos inda son, nobre Galicia,
que nunca o pé na guerra atrás volveron
anque dez se tirasen contra cento.
Con valeroso alento
seus lares e sua patria defendían,
e si a loitar morrían,
tamén ò forte empuxe do seu brazo
de nervos com'o ferro,
de capitón a tombos, reboladas
para un inmenso enterro,
caían as lexións descartizadas.
Con voces de trebón alí ¡Galicia!
soaba entre os estrondos
das armas e dos berros,
e o longo abouxamento polos ares
corría, e pola terra, e polos mares,
chegando ò Capitolio, onde temían
o fin de tan heroica constancia...
E do Medulio os concos repetían:
¡terror de Roma, horrores de Numancia!
.....

Si os fillos teus os mesmos son agora,
e tés tan ricas frores na tua abada,
¿por qué te vexo así desmacelada,
Galicia? ¿O folgo teu, por qué te acora?
¿Te does de que muitos, ou Señora,
se ven laceradismos na probeza
sin poder disfrutar da tua riqueza,
e se larguen da terra para fora?
¿Laméntaste de ver por eses mares

os teus queridos fillos,
que lexos se van pór dos patrios lares
quizáis a padecer en duros grillos?
¿Tí choras vendo a outros, sin piedade
en cárceres morrendo,
caídos pola gran necesidade
cal si crime fixeran mui horrendo?
¿Presomes de que chegue á eternidade
a lei do contrabando cubizoso,
e que libres xamáis a ver se tornen
os bens que o Ceo dános bondadoso?
¿Con ollo lacrimoso
recorres as salinas da tua costa
que deron a Salnés en outros días
o nome, e abundancia às tuas rías?
¿Magóate esa venda carniceira
que nas quintas se fai de sustitutos
peor que a fan de negros ou de brutos,
que se venden e mercan nunha feira?
¿Afríxete o «oidio» desastroso
que tolle fai set'anos os viñedos,
sin perdón do tributo tan gravoso
que fai chorar a feras e penedos?...
.....

Un povo que é leal e virtudoso,
humilde e obediente á autoridade,
que òs Reis probado ten fidelidade
e que máis que ningún é relixioso,
que no perigo acorre valeroso
á defensa da Patria e máis da Fé,
merece que o Goberno que tal ve
non se lle amostre nunca riguroso.

Alenta pois, Galicia,
na fonte da verdade e da xusticia.
A fror consoladora da esperanza
non se mucha sinon en fraca mente.
O corazón magnánimo, valente,
non se rende òs dolores de unha frida,
recrobra no infortunio nova vida,

e òs maores riveses ponlle frente,
serena, imperturbábel e sofrida.
Alenta pois, Galicia,
na fonte da verdade e da xusticia.

O tempo que se ven, ò que despide
lle dá a sua man e sóltaa decontado,
reinando o novo fado
sin contas dar a naide que non pide.
A roda da Fertuna corre e mide
ò seu antoxo tod'os bens e males,
que esparxe erguendo e derrumbando arreo,
sin dar delo sinales
que solo sabe Deus alá no Ceo.
Os ricos, potentados e valentes,
os Reis e Emperadores,
os povos que se gaban frorecentes,
nun ¡ai! mil sinsabores
presinten, e laxados de dolores
se ven decer de cumes eminentes.

.....

Non te acores ti pois, nobre Galicia,
qu'inda rebulen teus robustos membros.
Confía no direito e na xusticia.
Desdobra o rico manto da tua groria,
lucente nesa conda de relembros
que de tí garda a tradición e a historia.
Quizáis teus fillos inda che precuren
un novo menumento,
e ardendo no amor patrio que eu che xuro
resoe traspasando o firmamento
o nome de Galicia santo e puro.

¡Qu'é doce halar ca sede da xusticia,
é doce halar da caridá ca sede,
fuxir do encontro de dourada rede
que máis encrobe as mallas da malicia,
da pesoña e inxusticia:
é doce halar por quen como nos fala,
é doce halar por quen nos faga o ben,

é doce halar por quen como nós hala
sin desexar o mal para ninguén!
¡Repítoo outra vez, diréino cen
qu'é santo e xusto e puro e inocente
de cote halar, e halar de corazón,
por nosa patria, e máis da nosa xente
por conservar a fama e relixión...!

O SOÑO DUN LABREGO EN 1845

(Fol. V vv. 749-1108)

O SOÑO DUN LABREGO EN 1845

(Fol. V vv. 749-1108)

Soñaba que vía,
parez que o estóu vendo,
un mundo de homes,
de homes gallegos,
de homes forzudos,
de homes labregos,
no monte máis alto
do noso terreo
correr a xuntarse
pola mañán cedo.

Uns ir en relanzo
outros en direito,
de lonxe se vían
subindo e decendo
e, como as mareas,
opando o crecendo.
Camisas rachadas,
amarras de orelos,
galorchos e socos
e zapatos vellos.
cirolas de estopa,
de tascos, de lenzo,
chaquetas de trapos
e farrapos negros,
monteiras a pote
con prumas, prumeiros,

chaleques de lan,
brancos e amarelos,
algúns encarnados,
mui poucos sombreiros
e muitos descalzos,
outros en cabelo.
Os sachos, legós,
forcados, piqueiros,
cambós e gadañas
e fortes cacheiros,
e as picarañas
e fouzas ò hombreiro,
as armas facían
de aquel reximento.

Alá, no curuto,
de pé estaba un vello,
mui farto de cara
e todo él ben feito.
Era ancho de costas,
por diante o mesmo,
e tiña de altura
seis pés polo menos.
Era home mui duro,
valente e mui rexo,
con voz de trebón
e pelos no peito.
Seus berros se oían
de alí mui ben lexos:
quería falare,
poñía silencio.
Vestía chaleque
de color bermello.
camisa ben branca
e calzón verdello,
chaqueta e polainas
penso que eran negros,
monteira mui alta
con seus aderezos.
Cimbraba na man

un forte fungueiro
que, de un rebolazo,
levaría un cento.

Parou o balbordo
naquel campamento
e todos quedaron
calados e quedos:
«Xa sabedes, homes
—comenzóu o vello—,
as novas que corren
do mal que está preto:
subirnos os foros,
matar os rendeiros,
queren uns señores
que están no.....,
señores de palla,
señores lavercos,
señores congorxos
dos nosos graneiros.
Diréivos os nomes,
que déles me lembro:
V....., Y.....,
C....., e máis Q...
con R.....
T....., P.....
e máis C.....
que fan oito.....,
son os que pediron
o que dito deixo
por quitar òs probes
o seu pouco alento.

¿Quén aconsellóu
de quitar os dezmos
e máis outras cousas
òs frades e cregos?
¿Foron os señores?
¿Foron os labregos?
¿Víronse polainas
tal vez no Congreso?

¡Quizaves, quizaves,
se vira o Goberno
entre homes mui puros,
leales e enteiros!
¡Quizaves, quizaves,
sin buscar empregos,
refolgos darían
os probes labregos!
¿Quén colle o arado?
¿Quén fende o terreo?
¿Quén o torna doce
cando é cascalleiro?
¿Quén fai as cachadas?
¿Quén rompe os penedos
e arrinca, da terra,
da vida o sustento?
¿Son os farfulleiros
dos señores cheos.
tumbados na cama,
de vir do paseo,
de vir do treato,
de vir do... recreo,
ou de ver as mozas,
que todo é o mesmo?
¿Quén...? Non sigo máis.
¡Botaille vos prego
máis papeletiñas
na caixa ou no peto,
pois ben vedes vós
o louzo que deron,
que van ò cortizo
abellóns marelos!
Os oito que dixen
e outros que deixo,
quitan ben a brasa
para o seu xurelo.

¿Qué se lles dá a éles
dos probes labregos,
con tal que ateigado

vexan o seu eido
de trigo, de millo,
de fabas, centeo,
de liño e de lan,
de viño e de cerdo,
de ovos, galiñas,
manteigas, carneiros,
de vacas ben gordas
e froitas do tempo?
¿Qué se lles dá a éles
que os probes labregos,
de día e de noite,
de vran e de inverno,
traballen de cote
e suden a regos,
por dárllelo todo
sin quedar contentos?
¿Qué se lles dá a éles
que, por todo eso,
nos dan os carozos
e duros codelos?
Fan ben en cribarnos
por todo o pelexo,
cal bois de Laíño
ou bestas do Seixo,
pois temos bo lombo
e brazos de ferro,
para levar tundas,
traballar arreo...
¡Os nosos sentidos,
os ollos que temos,
para ollar a terra
tan sólo naceron!!!

«¡Qué viva Morrazo!»,
oíuse este berro
de alá do máis fondo
de aquel monte cheo,
e logo seguiron
tódolos labregos

repetindo os vivas
de estremo a estremo:
«¡Qué viva Fragoso!
¡Qué viva Mondeo!
¡Qué viva a Carnota!
¡Qué viva Ferreiros!
¡Qué viva Ortigueira,
Courel e Cebreiro!
¡Viva Cotobade!
¡Qué viva Abanqueiro!
¡Viva Sar! ¡Miñor!
¡Ribadavia e Mero!
¡Viva Bergantiños!
¡Viva Pontedeumo!
¡Viva Valdeorras!
¡Salnés e Arnego!
¡Viva a Terra Cháa!
¡Qué viva o Ribeiro!...»

En esto, no cume
do monte, aquel vello,
cheo de carraxe,
remanga o fungueiro.
Como cando estrala
un cañón de ferro,
saiu a sua voz
mil ecos facendo:
«¡Ei da, ei da puxa!
¡Eh, ei, caballeros,
cuidado, que xa
se me erguen os pelos!
¡Carrizo, calade
con millenta demos
e non me atriquedes,
por Cristo vos prego!
¡Ei da, ei da puxa!
¡Eh, ei, caballeros,
nunca Dios me dera
si anda o fungueiro!...»

¿No ouistes na bouza
ou pinal espeso
aqueles balbordos
que meten os ventos,
que os pinos se torcen
con muitos boleos
e tornan ò seu
si se queda o vento?
¿Qué axiña o ruído
se perde de lexos
e o son da ramaxe
vai morrendo a berros?
Pois así calando
—servíndome o enxempro—
foi pouquiño a pouco
aquel gran convento.

«O conto dos foros
—prosiguéu o vello—,
é conto morrudo
para revolvelo,
e faría falla,
para mór acerto,
oír nosos pais.
abós e traseiros.
Eles nos dirían,
dos títolos vellos
cál foi o principio,
cál foi o comenzo:
si as puntas das armas
con sangre bermello
os foros antiguos,
cravando, escreberon;
si estando o pescozo
na cadea ou cepo,
podían escravos
facerse foreiros,
e, dado que fose
valente o concerto,
quén en tal piñota

collería menos;
si ò direito torto
endereita o tempo,
e si o dos foristas
vence ò dos foreiros;
si os montes e fontes
e coutos enteiros,
si os raros servicios
que todos sabemos
e outras vixigas,
con borra por dentro,
de que atestaron
os taes estrumentos,
si abondan... ¡Abondan,
abondan por certo,
para ver que o lobo
é máis que o cordeiro!
Tamén nos dirían
si os toxos e fentos,
carrascas e silvas
en pedrallo seco,
si os sapos e cobres,
lagartos e bechos,
en muitos dos foros,
tan sólo, se deron,
ou si esa borralla
que de si barreron,
tal cal comparanza
ten co que hoxe vemos!
¡Terras labrantías,
mui verdes herbeiros,
pomares e viñas
no fondo e no outeiro!
¡Hortas traballadas
con muito recreo,
cheas de verduras
e frores e cheiros!
Por vélas, montados
veñen en xumentos
os duros señores:

reloucan de vélos
e non se fan cargo
que chora, no médio
de tanta hermosura,
de fame o labrego.
¡Chorade, chorade
as bágoas a regos,
que as vosas fatigas
só ten ese premio,
e ésa é a herencia
que nos testamentos
deixas òs filliños,
seus fillos e netos!
Por fin e por postre,
mal é que cansemos:
acudamos todos
a todo o Congreso,
que os oito que dixen,
son oito... son menos,
que todos os máis,
que son máis de cento,
serán máis humanos
e máis xusticieiros
para os labradores
e probes gallegos.
Tamén será bó
mandar ao Goberno
un mamorialiño
con muito respeito,
para que a Reiniña,
ese anxo do ceo,
nos sirva de amparo
en tan duro apreto.
A ver abogado
iremos en tempo,
que nos dé ditame,
que nos dé consello;
non sea virado,
que sea mui reuto
e, sobre de todo,

que sea gallego,
como aquel de Camba,
mui nobre por certo,
que ò chan de seus pais
demóstralle apego...»

Todas as monteiras
subiron ao ceo:
«¡Viva don Miguel!»,
as xentes dixeron.

O sol xa do alto
se iba decendo,
e oíuse un trebón
que viña de lexos,
con freixas de estoupo
berrando e correndo,
por valles pasando,
nos montes batendo.

Foi tal o estrondo
que me achei desperto
e escribín, de presa,
por non esquencelo...

O ANO DA FAME

(Fol III 1-51)

(1853)

O ANO DA FAME

(Fol. III 1-51)

(1853)

A 27 de Febreiro de 1853, *con vento fresco e relucindo a neve amontoada nas Portelas, vianse nesta terra muitos probes que baixaban por Laxinde e alá por Xeve, todos esfarrapados, sin camisa, o coiro con gafura, barolento e de mal cheiro, os ollos afundidos, os osos nos pelexos. E, coas mans levantadas, xuntos en tropa entrando na cidade, con fraca e triste voz así decían:*

¡Deitóuse a fame ò longo nos sembrados
enriba dos centeos, trigos, millos!
¡Deixóu tódolos frutos tan mirrados!
¡Ai nosos fillos!

¡Perdemos o traballo, e a semente
tolléuna o temporal dentro das leiras!
¡Máis valera que foran co esa enchente
aldeas inteiras!

¡Antes que o pé da negra Fame ver
chegar à porta, e ir coa fraca man
palpando a xente, que xa está a morrer
por non ter pan!

Alá de donde vimos, na montaña,
a miseria é tan grande que non pode
a xente se queixar, ¡e a gran fouzaña
da Morte acode!

¡Qué unha tan fatal calamidade
a sociedá cristiana no estremece!
¡Entre os xentís quizáis máis caridade
e virtú crece!

¡Qué triste, santo Dios, qué triste praga!
Movede tan siquera a compasión
o rico, que por Vós algún ben faga
nesta ocasión.

Non permitás, Señor, que a nai rabiosa
esgace o fillo tenro que inda mame,
como en Xerusalén, e logo o coza
matando a fame.

Abranse a vez siquera nesta vida
as bulsas e graneiros do avarento,
e médico que cure a gran ferida
sea do famento.

Os probes cantarán a sua groria,
faránlle no seu peito hermoso tempro,
verterá o seu nome pola Historia
piadoso exempro.

Que nunca o rico bos alaudos ten
si adora como a Dios a sua riqueza
e non arriando un chavo por ninguén
rí da probeza.

Neste mesmo tempo andaban as cousas tan revoltas, e tanta mescolanza e confusión habia nélas que, por tres reás, se vían no treato representar ò vivo os misteriosos pasaxes da sacra Biblia ò lado das lúbricas conceuciós do paganismo. ¡Edificante espello certamente levar os ollos desde Venus para Abel e das foliadas do Orfeo ò Diluvio universal!...

DO HOME

A HISTORIA QUE O SOL VEU PASAR

(Fol. II vv. 891-1028)

(1853)

A HISTORIA QUE O SOL VEU PASAR

(Fol. II vv. 891-1028)

(1853)

...Dourado Sol que estás en ese trono
que todo o ceo azul ten por dosel,
sobrado en que pasea Dios, teu dono,
mirando canto pasa baixo dél:

Bótame un traslado de esa historia
escrita no gran libro que é da vida,
que quero deprendela de memoria
e saber si a alma miña vai perdida.

Bótama, Sol puro e limpo,
que Dios será teu amigo,
por ser o millor testigo
de canto se fai acá;
bótame siquera un lenzo
dos cadros que hai nesa Corte
que sea o meu pasaporte
para poder ir alá.

Dame siquera un sumario
de tódalas tolerías
que forman o calendario
das mundanas romerías.

Si quixeras, ben podías
darme a conda, con segredo,

da madeixa enmarañada
que ten deste mundo os feitos,
e polo fío tirando
pouquiño a pouco, direito,
irían vindo cal peixes
que recolle o mariñeiro.
¡Qué gusto con tal redada
metida no meu tinteiro!
¡Qué gusto pinchar coa pruma,
ílos sacando de dentro!
¡Ílos poñendo letrados
no medio destes carreiros,
de modo que os seus letores
lle quitasen o sombreiro!
¡Vaia, sería baraxa
para xogar muito tempo,
unha fantasmeigoría
de gran entretenimento!

Ver aqueles xigantazos
que no mundo apareceron,
de corpos como unha meda
e brazos dous ou trescentos,
que nunca fartos se achaban
e sempre estaban comendo,
alarbes que resollando
rapaces ían sorbendo.
Aqueles homazos grandes,
celebrados cal portentos,
por andar como corcóns,
vivindo como os conexos.
Aquelas grandes conquistas
como quen baila un bolero;
aqueles milleiros de homes
levados como becerros
que se collen pola corda
para ir ò matadeiro;
aqueles fatos de Reis
comendo touciño fresco,
carne de craba o de boi

asada só nun espeto,
estumballados no chan
diante do seu exercito,
bebendo a barba regada
o viño por un gran xerro.
Aquelas divirtisións
de Chipre e máis de Mileto,
que eran unhas rapazadas
que xa non hai neste tempo.
(E si se fan, que se fagan;
non me meto agora neso.
Entre paréntesis vaia
este par de dous carreiros).

Aquelas filosofías,
aqueles grandes talentos,
que morrían pola man
e recetaban venenos.
Aqueles fillos de lobas,
coroados, recollendo
as gavillas de ladrós
para formar un bo gremio.
Aquelas adiviñanzas
de mulleres e agoreiros,
naquelas sabias Idades
que chaman de ouro os maestros.
Aqueles tempros famosos
de altares todos cubertos
de sapos, toupas e cobres
e cabezas de carneiros;
de falos, e femias cregas
que tiñan pauto co Demo,
nunhas hortas churumadas
con nabos, coles e grelos.
Aquela sangre dos fillos
que seus pais ían vertendo
quedando os buxeos zafados
da caridá satisfeitos.
Aquelas altas colunas

e soberbios monimentos,
aqueles arcos de trunfo
de catro asesinos premio,
aqueles carros tirados
por homes, cabalos feitos,
que tiñan a muita honra
levar un tirano dentro.
Aquelas mareas de homes
que viñan cal río cheo
asolagando ciudades
e levando todo a eito.
Emperadores subidos
no rico solio de un reino
e, às vinte e catro horas,
degolados polo mesmo.
Aqueles homes casados
cou outros do mesmo sexo,
cheos de abominación,
provocando a ira do Ceo.

E muitos beatos falsos
e muitos mixiriqueiros,
cariñas de choracricas,
verdadeiros fariseos,
que engaritan con doutrinas,
santas a veces, por certo,
pero botándoas de perda
co seu criminal exempro.

Estes chistes e máis outros
porías tí descubertos
polo teu daguerrotipo
que non ten ningún defeuto.
E no medio de eses cadros,
feixes de lanzas e de elmos,
de toda mena coroas,
escudos, sabres e cetros,
todos crebados no chan,
achas e rachas xa feitos,

cegados tódolos fíos
dos metales ferruxentos.
E guindados nun curruncho
mantos de púrpura vellos,
todos cheos de buracos
e desfiañados ourelos...

DOUTRINA MORAL DUN MESTRE DE ALDEA

(Fol. II vv. 1555-1687)

(1853)

DOUTRINA MORAL DUN MESTRE DE ALDEA

(Fol. II vv. 1555-1687)

(1853)

Había nunha aldea de aquí preto
un maestro que tiña muita fama
e lle daban as xentes muito creto.

Gustáballe mui pouco ir pola rama
querendo, na raíz, dar co machado
para arrincar os cepos da sua cama.

Non era panxoliñas nin varado,
sinón un home teso, todo inteiro,
que se encarrapichaba co pecado.

E nunha desfollada era o primeiro
que, ò lado da razón e da verdade,
repúñase ò máis fero cacheteiro.

Valido, pois, da sua autoridade
enseñaba os rapaces brevemente
con preceutos de muita craridade.

Decía, verbigracia, así chánmente:
«Quen queira conocer o seu veciño,
mandiño lle dará e veránlle o dente.

Quen nunca pan colléu nin colléu viño,
si alguén llo dá, sin dor, todo sachado,
parezlle que xa é dél todo o camiño.

E si ten de padriño home do Estado,
inda máis que non saiba presinarse,
teráno à forza todos por letrado.

E non hai que poñerse a renegarse
que, por máis que matine, o que non teña
debaixo do que ten ha de quedarse.

O saber e a virtude é mala seña
para medrar, e sólo de memoria
podrá gozar, aquél que a tal se aveña.

Importa pouco díganos a Historia
que quen co Demo cava a sua viña,
co mesmo a vendimia e canta a groria.

Quen desprocatado se camiña,
fiando ter na man a sua sorte,
verá con sentimento que no a tiña.

Por último, ven todo a ser da Morte,
e tanto se apodrecen os señores
como o probe labrego ò pé da corte.

Aquen se guinde ò mar, non terlle dóres,
que libre foi, deixando o seu estado,
praceres procurando máis mellores.

Terésme sempre nesto gran cuidado,
e máis que leña verde e xente nova
se volve toda fume de contado.

Non falta quen a guerra sempre mova,
e meta os cás na bouza, e arme festa,
por rírse vendo abrir de outros a cova.

Dirés que craba coxa non quer sesta,
como din pola aldea e polo monte:
seguro que, tomándoa, mal lle presta.

O que falta mañán a xura de onte,
merece, máis que sea ben unxido,
que o guinden de riba de unha ponte.

Segundo a meus abós lle teño ouído,
si non sabe a Doutrina algún labrego
pode ser disculpado e defendido.

Mais non terá disculpa ningún crego
que fai que sabe, e ten o entendimento
como ten os seus ollos calquer cego.

Diredes sempre «o aire e máilo vento»
se vos veñen buscar de muita presa
para cousas buxáns sin bo formento.

Que muitos van buscar, alá à devesa,
o pau para pegar, e ¡mal pecado!,
se veñen a levar co él na cabeza.

O que as teña, que as munxa co seu fado.
Ninguén se meta a ser dos redentores
si non quer vir a ser crucificado.

Terés por un consello dos mellores
arredarse de aquéles que coxean,
máis que vistan de sedas de colores.

¿Cuidades pegadizas que non sean?
Sabede que a mór parte das coxeiras
axiña colle quen nonas recea.

A eito non tomés chiculateiras,
que botarán de perda o chiculate
por non estar ben sans nin ben inteiras.

E pode ter, calquera que así o cate,
bostelas e máis males correntíos
que con peligro déles se decate.

E teña que pasar no vran bos fríos,
e bebendo aguas chocas e tragando
gromos agres de axenxo ou gorropíos.

O que queira muller, vaia mirando
si inteira ven dos pés hasta o cabelo,
e si é do fiel cristiano ou meco bando.

Non parés no refaixo nin mantelo,
nin vos cegue de ouro o aderezo,
que muitas valen máis con ir en pelo.

A honra é unha xoia de gran prezo,
mais, como o vidro, axiña se vos creba
e mala de soldar volvendo ò vezo.

Dios queira que ningunha filla de Eva
vos poña na cabeza aquela cousa
que a gusto ningún home de ben leva.

Consentide mellor pastar na chousa
que non sufrir tamaña xudiada,
e mais que vos degolen cunha fousa.

Nin de chanza o direito de pernada
o pague ningún home, que non queira
levar, por nova, prenda remendada.

O gando mulleril de outra maneira
se estima e se tantea, sin probalo
cal se proban as bestas nunha feira.

Ben sabedes que muitas seu regalo
no probe do seu home finxen telo,
e logran para todo camelalo.

E vai o parvo así, sin caer nelo,
pensando que a sua dona é unha santa,
coa millor intención en todo aquelo.

Mais porco tamén hai, que a sua manta
lle bota à sua muller porque lla pegue,
e a sua mór afrenta él mesmo canta.

Ninguén en maldecir xamáis se empregue
nomeando o suxeito de quen fala:
zorregue, sí, no vicio adonde chegue.

O que debe rifar e sempre cala,
alcaioto se chama nesta terra,
e quen a mata así, debe pagala.

Debían ser rachados cunha serra
e farse de unha vez un escarmento
neses caras lavadas, xente perra,

que, sin gardar un triste mandamento,
fachendas van quizáis na sociedade,
con todo o poderío e reximento.

O libro máis peor en toda idade
foi sempre o gran exempro do que manda
non tendo o seu obrar moralidade.

Sabés que ben acaba quen ben anda
e que val máis, no peito ter virtude,
que muito colgarello, cruz nin banda,
nin Usía, Escelencia ou Beatitude.

A UN CIPRÉS

(Fol. V vv. 1447-1511)

(1853)

A UN CIPRÉS

(Fol. V vv. 1447-1511)

(1853)

¿Adónde vas subindo tan calada
dende acá, triste roca,
con esa verde lan mal amañada,
gadellas de unha loca
que sempre contra a vida vive airada?

¿Vas quizáis a buscar o teu roqueiro?
¿Ou do fuso a cabaza pór no ceo?
¿Ou ten alí o teu veo
a focha do punteiro,
porque leve a fiada igual volteo?

Boqueadas de morto fai o vento
por entre tí pasando,
e fungo do alento
remeda das Hirmás que están fiando
e, sin folgar, a vida van quitando.

Unhas mazás de pau arregañadas
produces, amargosas,
contra a nacencia usadas,
que tollen da natura muitas rosas
no cogollo fechadas.

Máis que a xebre dos mares
tes agre o pau, carepa, faísca e froita;

nacida dos pesares
a tua friaxe é moita,
e non se ón a tua sombra bós cantares.

Misereres e requies te contentan,
estadea espetada:
os mesmos cás non ladran, se lamentan,
unda tí, ¡mala fada!
e oubean uns agoiros que amedrentan.

Non me dá tal tristura
o son de algún chocallo agonizante
cal fire miña vista esa figura,
esa facha, diante,
apagada no pé da sepultura.

¡Mais xa tí vanidade representas,
tí, sino da Morte!
¡Tí, que dans sens da cova te alimentas,
na casa do máis forte
de vicios e maldades te sostentas!

¿Qué morto ò pé de tí comesto fica?,
varado e triste ollando
pregunto. ¿Quén te dica,
ou por qué vas poder abandeirando?
¿De qué sultán é a cerca e casa rica?

Por adorno te poñen às suas portas,
e nos xardís, señores,
porque dentro da casa teñen mortas
as virtudes e honores,
que matan, coa riqueza, as almas tortas.

Sospeito que anque fan tamaño erro
adoran esa sombra, sin pensalo,
das diosas do enterro,
e queren abrandar con tal regalo
seu corazón de ferro.

Mais axiña comendo, vai tirando
sin dor, a Parca, do crecente cerro,
outra co fuso fiando,
e o poderoso berro
non detén as tixeiras traballando.

¡Alá se teña, alá no camposanto,
ese pendón fatal, sobre difuntos,
porque produce espanto
loitos e galas xuntos
e ver, pegado à risa, eterno pranto!

DA BOA VILA

DA BOA VILA

LERIAS DE PONTEVEDRA

(Pinchapava V vv. 1-262)

(1857)

LERIAS DE PONTEVEDRA

(*Pinchapava* V vv. 1-262)

(1857)

«...Seguindo, pois, o meu conto,
queridos da miña alma,
digo que unha quinta feira,
saíndo da miña casa
con intención de oír Misa
mui cediño en Santa Crara,
tropecéi alá no Rouco
con Alberte Rabuñada,
o que fora con Xan Preto
á taberna da bullanga.

Viña o tal en gran parola,
mui arrente da muralla
do convento, con tres homes,
todos éles con cachaza.

Eu polo fondo camiño
por meu proveito tomara,
pois non tiña tanta herba,
tanto orballo nin xiada.
Diquéi ben para éles todos
como quen non via nada,
coñecín a todos catro
que seus ollos me fitaban.

Si algún de vós me adiviña
quén iba con Rabuñada,
un fol cheo de fariña
lle dou pola adiviñanza,
e aínda máis o muiño
terá por unha semana
para moer grán a pote
sin a maquila cobrarlla...»

Aquí todos se puxeron
os que había na fiada
a discurrir a porfía
facendo caretas raras.
Un, as duas mans poñía
pola cabeza cruzadas,
cerraba os ollos, e os beixos
encollía e estricaba.
Outro, mordendo un cotelo
do furabolos estaba
e, mirando para o cumio,
os ollos arregalaba.
Outro, coa punta do dedo
no trebiñado enredaba,
riscando pola fariña
que dende a roda voaba.
Outros, o labio de abaixo
entre os dentes apretaban;
outros, mordían as uñas;
outros, na testa pegaban;
outros, collendo no queixo
enrugaban toda a cara.

Todos facían mil xestos
e ningún decía nada.

—«¡Vaia o vento!», dixo logo
o muiñeiro Pinchapava,
«no hai que secalos miolos
que no é para a vosa alma.
Vouvos quitar o traballo

de pensar na adiviñanza,
e farédesvos con cruces
oíndo o que agora falta.

Eran, pois, aqueles tres
que a aquel outro acompañaban,
o soldado, o carceleiro
e o taberneiro da calva.
Eu seguía o meu camiño
cando vexo se separa
dos outros seus compañeiros,
Alberte, e que a costa baixa.
Como quen non quer a cousa
véuse vindo a miña espalda
e chegando xa algo preto
chamóu paso: ¡Pinchapava!

Eu que oín a sua voz
para atrás volvín a cara,
paréime, e él achegóuse
decíndome estas palabras»:

—«Santos días, meu amigo,
¿ónde vai de madrugada?»

—«Vou a oir aquí unha Misa
á igrexa de Santa Crara,»
lle dixen; «si vosté quere
pode vir, que inda a campana
non chamóu a coro ás monxas
e podemos ir con calma.

Hoxe é día de función
e compre a Misa botala
cediño, para ir a véla
e quedar sin esa ansia;
pois é sabido que cando
se fan tales foliadas
como as de San Sebastián,
anque ún queira, non fai nada.

Anda ún sempre a rempuxóns,
toda a igrexa está ateigada
de xente, e polas paredes
mil bonituras colgadas.
Poñen cadras de novenas,
e cortinas encarnadas,
recollidas polo medio
cunhas cintas coloradas.
Poñen tamén uns papeles,
como os que teñen as caixas
de dulces que van recesos,
para ter máis rechamada.
Poñen rosas, carabeles,
e de cantas frores achan
e, colgadas nas colunas,
máis de tres ducias de xaulas
con canarios, e siríns,
e xílgaros que ben cantan.
De modo que a máis da xente
abre a boca de unha cuarta.
Dimpóis ¡¡¡a música e bombas
e foguetes que alí estralan!!!
Vaia, dígolle a vostede
que todo é unha barullada.
Mais ¿eu por qué hei de decire?;
corra a folla... ¡foliada!;
sigan usos e costumes,
vamos coa xente a onde vaia...,
pero, a Misa, o máis mellore,
botala de madrugada...»

—«¡Leria, leria!», dixo Alberte,
«vosté, señor Pinchapava,
¿sei que vai a esas funciós
como van falsas beatas,
que se poñen nos currunchos
como a Perguiza, sentadas,
fan que rezan e vixían
todo canto alí se pasa,
e dimpóis van mormulando

coas comadres, polas casas,
de Xan e de Pericán,
de solteiras e casadas?
O que quer con devoción
oíla misa cantada
non fai caso desas cousas
nin atende a barulladas,
nin o distraen foguetes,
nin os paxaros nas xaulas,
nin estoupos de cañóns
mais que reventen coa carga.

Mais volvendo agora ò Santo
¿sabe vosté o que se pasa?
¿Sabe que a maordomía
comenzan xa a refugala?
¿Vai que no acerta vostede
por qué motivo ou qué causa?

Pois, amigo, os do comerzo
bótanlle unhas malas fardas.
Din que muitos maordomos
dan en creba co esa carga,
e que outros fan a careta,
para outro barrio se largan,
e cuidan que é mal agoiro
ter a San Bastián na casa,
reloucando polos cartos
que «inda para máis» co él gastan...
De maneira, que estóu vendo
que de aquí en diante fai falla
botar a maordomía
por xustiza ou a pancadas...

Outros dín —non sei o certo—
que os abogados pensaban
a aquel Santo recollelo,
para a festa celebrarlla,
que así o facían de antigo
como gremio de ventaxa,

que se véu a quedar orfo
sin ter nin Santo nin Santa.
E que queren òs da Cruña
seguir na piedá cristiana
que a San Andrés Aveliño
lle fan unha festa magna
e néla o predicadore,
que sempre é un home de fama,
lles recorda os seus deberes
porque non perdan a alma.
Non séi si é certo ou no é certo,
anque a sona foi botada,
ben que á algúns as cirimonias
pola gorxa non lle pasan...

O que séi é que de noite,
a función xa rematada,
ármase na sancristía
e na igrexa, cando cadra,
un mercado ou unha feira
con berros alborotada,
sorteando o santo lote
a quen lle volvéu a cara
muitos que levar n'o queren
adentro da sua casa.

¿Vosté sabe que fixeno
as xeneraciós pasadas,
entre nós, catorce gremios
de Santos e máis de Santas?
O primeiro é San Cristobo,
dos muiñeiros, ¡Pinchapava!
Santa Catriña, os da agulla,
e Apóstoles, rapabarbas.
Santi-Spirtus, toneleiros,
Trinidá, a xente ordenada,
labregos, Santa Lucía,
e os escribanos, a Branca.
San Miguel é defensore
da xente matriculada,

San Xulián dos da subela,
San Antonio dos da tralla,
San Mauro dos cordoeiros,
San Xoán dos da obra branca,
San Nicolao dos da forxa
e, do comerzo, o da banda,
Santo Mártir que anda encouros,
coas frechas atravesadas,
sin dôr arredor do corpo,
naquelas carniñas brancas...»

—«¡Leria, leria!», lle repuxen,
«os que boten esas fardas
ò Santo, que non ten culpa
dos seus pecados e lacras.
Metan a man no seu peito,
miren si a concencia ladra,
e si fan os seus negocios
sin usuras ni alloadas.
Dimpóis, preguntarlles quero
si as que deben, teñen pagas,
e si os Santos lle aconsellan
as suas falcatruadas.
Os que camiñan direitos
e con alma cristiana,
toman o Santo con fé
sin que lles suceda nada.
¿Ou vosté pensa que aquél
tamén entra en empanadas
e, como muitos do mundo,
se deixa compor con trampas?
Dígolle, señor Alberte,
que no abonda das ventanas
botar forza de foguetes,
nin téla casa, colgada,
nin dar bailes nin refrescos,
nin enchentas nin lupandas,
para que o Santo contento
dos maordomos se vaia...

Ademáis é un pecado
e é mui mala crianza
botarlle òs Santos a culpa
dos males que Dios nos manda.
E si eu fora frade ou crego,
que na festa predicara,
xuro a Dios que muitos testos
sobre deso lles botaba!!!»

Xa chegabamos ò adro
cando tocóu a campana
—¡dan! ¡dan! ¡dan! ¡dan!—
sin dar vagar a máis fala.

Entramos dentro da igrexa
e xa as monxas vos estaban
metidas dentro do coro
cantando o *Domine, labia...*

AS FESTAS DO SAN BARTOLOMEO

(Fol. IV vv. 91-280)

(1853)

AS FESTAS DO SAN BARTOLOMEO

(Fol. IV vv. 91-280)

(1853)

...¡Aquelas festas navales,
aqueles famosos cercos,
aquelas feiras seguidas
por trinta días arreo,
aquela enchente de cousas
para mil usos diversos,
aquel vender sin parar,
aquel ruxir de diñeiro,
aquel atopar de todo
en tan valente comerzo
—que somente por atarlle
o mercado òs forasteiros
en pesos máis de dous mil
se arrendaba tal direito—,
non tornarán, non, quizás,
non e non, tamborileiro!
Saudades e pesares
terá a Vila, en todo tempo,
polo día do Patrón,
santo San Bartolomeo.

¿Ónde vai aquela festa
de solaz e de alegría
e tanta bulla?
¿Aquela escadra tan mesta
que os xuncos de Elva, cubría,
que gurgulla?

Alí, polo Vao adiante,
muito nídia relucía
a media luna
sobre bermello turbante,
que ò lexos ben parecía
anque moruna.

¡Se viras pola Caeira
aparecer brancas velas
cheas de vento!
¡Como a serpente à carreira
as bandeiras amarelas
dar contento!

¡Repasar pola Penela,
en ringle òs muelles chegar,
bordeando!
¡Os mouros, loucos de véla,
o combate comenzar,
avanzando!

¡Rebulir por esa ponte,
polo Burgo e no Peirao,
tanta xente!
¡E desde o cume do monte
un mundo, baixando ò Vao,
nunha enchente!

«¡Bum, bum, bum!» —estrala o ferro,
nubes de fume se escorren
polo mar.
Alí vai a ser o enterro
de aqueles perros que morren
sin matar.

De banda a banda, un fumeiro
vai enchendo aquel espazo:
todo o encobre.
Sólo o estrondo e o lumeiro
cando rompe o fogonazo
se descobre.

O xentío que está fora
treme como vara verde,
cubizando
saber quén queda señora
e rinde a escadra que perde
no outro bando.

E, de repente, un estrondo,
cristianísma treboada
de unha andana:
o lume encende, no fondo
da marea alborotada,
a Capitana.

¡Formigar verías
de preto e de lexos
aumentando as xentes
refolgo no peito,
da ponte e dos lados
e de Montecelo
con panos mui brancos
mil senas facendo,
abouxando a terra,
o mar e o ceo,
mil vivas botando,
as palmas batendo!
Pararse o estrondo
das pezas de ferro,
o fume desfarse
e ir crarecendo
e verse na popa,
con vento mareiro,
pabellón dourado
rír co Sacramento.

Os mouros vencidos,
calados e quedos,
en tanta alegría
mui tristes xemendo.

Comenzar de novo
balbordo correndo
por toda a redonda
de gritos e berros:
«¡Qué viva a Moureira!
¡Viva o Sacramento!
¡Vivan os que rompen
cadeas de ferro!
¡Qué vivan, qué vivan
os ilustres netos
do noso Charino
por seclos eternos!»

Sinal de victoria
izar os castelos,
repicar chocallos,
campanas a vuelo,
e a cabalgada
revirar os freos,
relucir coa prata
mui lindos arreos,
pendós mui alegres
estenderse ò vento.

Entrando na vila
berrando e correndo,
as casas vestidas
de cores diversos,
todas ateigadas
de mil forasteiros,
nos aros estralos
de pólvora cheos,
foguetes e bombas,
palenques de a trueno.
As calles enchidas
de un xentío inmenso
e tocar nas prazas
millenta estrumentos.

No medio do adro
aquel trompeteiro
pubricar as novas
nestes mesmos termos:

«Xa os mouros van de vencida
polos nosos mariñeiros,
que levan, rindo, a bandeira
do Santismo Sacramento.
Vélos ahí van pola Barca
todos éles en cabelo,
as mans atadas nas costas,
todos feitos prisioneiros.
Quedan no mar, espallados,
mil encarnados chalecos,
anchos calzós, sabres combos
e mil turbantes luneiros».

«¡Qué vivan, qué vivan
os ilustres netos
do noso Charino!»,
resoaba a berros.

Verías entonces
como os ríos cheos,
acudir às Rodas
por tod'os vieiros
os homes, mulleres,
rapaces e nenos,
e os militares,
e frades e cregos,
todos rempuxando
por ser os primeiros
a mirar a entrada
de aquel reximento
que alá, por San Roque,
subía en ringleiros
con roupas de gala
que era un gusto velo.

A música e danzas
abrían carreiro
ò gran pabellón
de todo aquel gremio,
pabellón de gloria
e de muito prezo
que val máis que todos
de tódolos reinos.
Para a igrexa iba
do gran padroeiro
da Vila famosa,
San Bartolomeo.

E ó lucir, no Campo,
co seu Sacramento
aquel estandarte,
dourado no medio,
todo aquel xentío
reloucar de velo.

¡Os ceos se abrían
co seu bouxamento!...

REXISTRO

PÁXINA

PRESENTACIÓN ... 9
FITOS CRONOLÓXICOS ... 17
ANTOLOXÍA ... 23

DA FALA

PREGÓN DE «A GAITA GALLEGA» (1852) ... 29
DEFENSA DA NOSA FALA (1853) ... 33
CADA PAXARO O SEU CANTO... (1859) ... 41

DA TERRA

A GALICIA (1861) ... 49
O SOÑO DUN LABREGO EN 1845 ... 57
O ANO DA FAME (1853) ... 69

DO HOME

A HISTORIA QUE O SOL VEU PASAR (1853) ... 75
DOUTRINA MORAL DUN MESTRE DE ALDEA (1853) ... 83
A UN CIPRÉS (1853) ... 91

DA BOA VILA

LERIAS DE PONTEVEDRA (1857) ... 99
AS FESTAS DO SAN BARTOLOMEO (1853) ... 109

Acabóuse de imprentar na cidade da Cruña, que Pintos amóu cal *segunda patria,* o día 17 de maio do 1975, nos talleres da Editorial Moret, cando se ían cumprindo 122 anos dos primeiros chíos de «A Gaita Gallega»

REAL ACADEMIA GALLEGA
COLLIGIT. EXPURGAT. INNOVAT.

AL AC
GAL
A CO
38